

Ribeira Sacra leva recollidos máis de 5 millóns de quilos de uva

Despois desta fin de semana na D.O. Ribeira Sacra levan recollido máis de 5 millóns de quilos de uva, dos que a maior parte corresponden a Mencía con 4.061.418 quilos, seguida da variedade branca, Godello, con 374.791 quilos.

A vendima comezaba oficialmente o 19 de setembro, aínda que varias adegas iniciaran a recollida a finais de agosto. O pasado ano a vendima finalizaba o 19 de outubro e cóntase que o final desta campaña sexa novamente por estas datas.

A 29 de setembro e con 5 millóns de quilos de uva vendimiados, 53 adegas están a recoller uva, 10 teñen a vendima paralizada e 27 xa finalizaron. Cando o ecuador da campaña está xa superado, restan 6 adegas por iniciar a vendima.

Os traballos víronse favorecidos por unhas excelentes condicións meteorolóxicas que contribuíron ao estado óptimo da uva e á fixación da súa acidez. A D.O. Ribeira Sacra deixa atrás setembro, mes en que a vendima volveu a ser o motor económico do territorio xerando miles de empregos directos e indirectos, para seguir a mesma tendencia no mes de outubro.

O resto dos datos de recollida de uva a data 29 de setembro son os seguintes (**Total 5.040.716 k.**):

Variedades tintas:

Mencía: 4.061.418 k, Brancellao: 22.264 k, Merenzao: 60.328 k, Caiño: 30.720 k, Grao Negro: 9 k, Garnacha: 239.769 k, Mouratón: 7.441 k, Sousón: 83.076 k, Tempranillo: 46.190 k

Variedades brancas: Albariño: 68.783 k, Branco Lexítimo 3.250 k, Dona Branca: 3.537 k, Godello: 374.791 k, Loureira: 2.121 k, Torrontés: 3.675 k, Treixadura: 33.344